

As entidades de Mera reclaman o uso da planta superior da casa do mar

A Banda Orquestra Sinfónica de Oleiros obtén a segunda praza no Certame Galego de Bandas

Páxina 18



Concello de  Oleiros

Os veciños e veciñas tomarán Santiago se a Xunta non contrata as obras de acceso ao Porto de Lorbé

Páxina 9

Vivir en Oleiros

Número 50
Xaneiro 2016
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

A zona de xogos infantís tamén será renovada por completo



O parque da Lagoa de Mera contará cunha gran cuberta no centro da praza

■ Ademais da construción dunha gran cuberta, será renovado o parque infantil e desenvolveranse diversas actuacións de mantemento e reposición do mobiliario deste espazo público. En total, as obras de acondicionamento do parque suporán un investimento de 441.663,27 euros.

Aprobados os orzamentos municipais para o ano 2016

O pleno do Concello de Oleiros aprobou os orzamentos que rexerán a vida municipal durante este ano. O documento contempla un incremento global do 1,64% respecto ao ano anterior e sitúase en algo máis de 26 millóns de euros. O documento segue a reflectir a clara aposta do Goberno local polo benestar social.

Páxinas 12 e 13

Comezan os traballos de construción do carril bici de Mera a Santa Cruz

Páxina 4

Saen a contratación as obras do campo de golf de Dorneda

Páxina 7

O venres 12 de febreiro celébrase a Festa do Entroido na Polideportiva de Santa Cruz

Páxina 11

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Por unha xustiza igual para todas e todos

En setembro de 2006, Ángel García Seoane, alcalde de Oleiros, presidente de Alternativa dos Veciños e hoxe tamén deputado provincial, foi vítima, unha vez máis, dunha campaña difamatoria.

A dita campaña foi iniciada polo PSOE de Oleiros, en convivencia co PP e coa complicidade de dous medios de comunicación: o ABC e La Opinión, aos que posteriormente sumaríanse outros. Tamén foi destacable a colaboración de D. Antonio Roma, fiscal que fora recentemente nomeado naquela época para asuntos urbanísticos.

A partir de aí, abríronse dilixencias xudiciais a Ángel García Seoane, por cinco supostos delitos relacionados co seu patrimonio, que culminaron nun proceso de seis anos de duración, no que a maxistrada dona Elena Fernanda Pastor Novo foi requirida en dúas ocasións polo Ministerio Fiscal, en 2010 e en 2011, para que sobreesera a causa ao non atoparse ningún delito nos feitos denunciados.

En setembro de 2012, a citada maxistrada, a pesar do ditame en contra do Mi-

nisterio Fiscal, resolve continuar coas dilixencias co argumento de que lle quedaban dúbidas nun dos cinco supostos delitos que lle achacaban ao alcalde. Ante este novo atropelo xudicial, García Seoane e o propio Ministerio Fiscal recorren ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que decide resolver mediante o arquivo total do procedemento.

Sobra dicir o grave prexuízo causado a García Seoane non só a nivel persoal, senón tamén como político, xa que durante este proceso inxustamente prolongado, tiveron lugar dúas eleccións municipais ás que se presentaba como candidato. Para poñer de manifesto publicamente este feito, convocouse unha rolda de prensa, na que o alcalde se queixaba dunha actuación que sentía inxustificada e inxustificable, ao tempo que informaba dunha situación que podería ter influído na súa actuación como instrutora do citado procedemento: a existencia dunha infracción urbanística da que era autora a citada xuíza por obras executadas á marxe da licenza no Concello de Oleiros.

Este foi o motivo polo que a maxistrada presenta un preito contra o alcalde, porque di sentirse vítima dun ataque no seu honor. Este preito resólvese aceptando integramente a demanda da xuíza: 60.000 euros de indemnización e a publicación completa da sentenza en todos os medios de comunicación.

Nesa situación de condena por infracción do honor da demandante, Ángel García Seoane presenta unha querela por prevaricación contra a xuíza, que porén é rexeitada de plano sen sequera tomarlle declaración á demandada nin admitir as probas testificais propostas. Que contraste entre a inmediatez con que se incoa un procedemento penal contra un alcalde que durará seis anos de sospeitas e sufrimento, e a rapidez con que se despacha unha denuncia contra unha xuíza á que se acusa de prevaricación! Nesta etapa de cambios que se aveciñan quizais un deles teña que ser a atribución dos delitos dos xuíces ao xurado, evítandolles así o difícil trago de xulgar a compañeiros e amigos.

O pasado 7 de xaneiro de 2016 notifícanos a sentenza ditada o 23 de decembro de 2015 na que se estima parcialmente o recurso de apelación de García Seoane e na que se recoñece como efectiva a intromisión ilexítima no dereito ao honor da demandante dona Elena Fernanda Pastor Novo, condenando o alcalde ao seu restablecemento mediante a publicación á súa costa dunha nota informativa sobre a sentenza e a indemnización á maxistrada pola cantidade de 30.000 euros.

Non nos van calar. Recorreremos ao Tribunal Supremo e imos esgotar todas as vías legais ao noso alcance e, se fai falla, iremos tamén ao Tribunal Constitucional.

Temos que seguir loitando para que neste país os cidadáns honestos e comprometidos teñan garantidos os seus dereitos máis fundamentais. Se queremos que se respecten as institucións públicas hai que erradicar os corporativismos. A lei e a xustiza teñen que ser iguais para todos e todas.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Nin un euro para o comercio local nos orzamentos de Oleiros para 2016

Nun pleno extraordinario convocado apresuradamente por parte do Goberno local neste mes de decembro, Alternativa dos Veciños presentou uns orzamentos sen sentido común, cero euros para o comercio local, nada para hostalaría ou empresas de novas tecnoloxías e esquecemento total da muller.

Un Goberno que di ser a voz dos veciños, esquecese destes á hora das previsións económicas para o próximo ano.

Como de costume, o Goberno local non se sentou cos grupos da oposición, para que puidésemos acordar entre todos, uns orzamentos que sirvan para que os oleirenses teñan cubertas as

necesidades reais que existen no noso concello, por exemplo, o arranxo dos pavillóns polideportivos municipais, a promoción do comercio local ou o diñeiro concreto para políticas relacionadas coa muller... Os orzamentos son un asunto o suficientemente importante para o futuro do municipio como para non contar coa achega dos grupos da oposición.

Isto para o grupo de goberno son nimiedades e temas sen importancia. Non entra nos plans do alcalde dialogar coa oposición ou buscar acordos, o Señor Seoane pensa que Oleiros é o seu casarío particular.

Alternativa dos Veciños demostra unha vez máis estar de costas ao pobo.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

O grupo municipal do PSdeG-PSOE negouse a aportar a información do seu grupo



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

O dereito a decidir que se fai cos nosos cartos

Oleiros acaba de aprobar inicialmente os seus orzamentos municipais para 2016: unhas contas que suman uns 26 millóns de euros. É habitual escoitar do Goberno municipal que o procedemento para a elaboración dos orzamentos é "tremendamente participativo". É isto realmente así? Tal proceso participativo consiste no envío dunha carta ás entidades do municipio convidándoas a achegar propos-

tas. Estas logo son incluídas ou desbotadas, en que se saiba cales son os criterios que o deciden. O BNG solicitou saber cantos destes colectivos fixeron achegas aos orzamentos e cales foron, como maneira de poder contrastar se foron incluídas. Seguimos agardando. Sen cuestionarmos o importante papel que as entidades veciñais poden desenvolver na in-

terlocución co goberno local, nós pensamos que se pode ir un pouco máis alá. Existen experiencias municipais na elaboración de orzamentos participativos das que se pode aprender. En Oleiros temos ferramentas comunicativas que facilitan a interacción directa coa cidadanía e poden axudar no camiño que propoñemos: esta mesma revista, que chega a todos os domicilios do municipio; a radio

municipal; as redes sociais... Pódense, ademais, ampliar os prazos, de maneira que cada ano, despois do verán, se anime á cidadanía a tomar a palabra na elaboración das contas que rexen a vida económica do noso concello. Trátase de facilitar o dereito a propoñer e decidir. De facer que a xente se corresponsabilice na gobernanza do seu municipio. De pasar das palabras aos feitos.

Os espazos desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de bases de réxime local.

EDITORIAL ● Xa votamos

◆ O pasado 20 de decembro os homes e mulleres deste país fomos ás urnas e decidimos que era o momento de rematar coas quendas. Foi ditado o noso mandato, o do pobo, que non foi outro que a necesidade de consenso e diálogo.

Foron as do 20D unhas eleccións cheas de incerteza ata o último momento, pero tamén de esperanza e ilusión. De cambio. Uns comicios nos que todos ían gañar e nos que unha minoría de “gurús” da política conformada por expertos de empresas de sondaxes e contertulios televisivos se afanou en convencernos de que nada cambiaría moito no mapa político do estado español. Supostamente todo estaba baixo control, pero non contaron co pobo.

O que pasou xa todos e todas o sabemos. O que sucederá no futuro máis próximo, é unha incógnita.

A imposibilidade dun goberno estable obriga a facer pactos contranatura e compañeiros de cama non desexables. Unha vez máis axéxanos o calafrió dos intereses á marxe das persoas, partidistas, máis aínda se partimos de que os programas políticos brillaron pola súa ausencia na campaña electoral.

A situación na que quedan os partidos con posibilidade de gobernar tampouco é a mellor:

- Partido Popular está lastrado por unha inmensa lacra de mangantes dos que non se dá librado e a isto hai que lle sumar as castas internas loitando polo control do aparato e as poltronas a repartir.
- Un PSOE desnortado, sen rumbo e sen compás, no que todos queren ser capitáns dun barco que cada vez ten menos tripulación, e a que lle queda amotínase cada dous por tres.
- Un Podemos, partido de novo cuño, bandeando constantemente nas súas propostas, máis cimentadas na ilusión que na tanxibilidade e continuamente asoballado pola oposición das castas do PSOE.
- Un Ciudadanos —marca branca do Partido Popular— creado para mitigar o crecemento de Podemos polo

centro a través da adquisición de parte dos votos que emigraban do PSOE. A pesar de non cumprir coas súas expectativas internas, si o fixo con creces a nivel de asentamento do partido desde un enfoque nacional, a pesar da carencia total de infraestrutura e base social.

Do resto dos partidos que acadaron representación, algúns deles serán imprescindibles para calquera tipo de goberno que se forme. Agardemos que a cordura e a capacidade de diálogo sexan as protagonistas deste período postelectoral e poidamos acadar un goberno estable para manexar o noso país.

A outra saída que temos, volver a convocar unhas novas eleccións, non arranxaría a situación, a pesar dos posibles traslados de voto (que en ningún caso chegarían para lograr maiorías suficientes). Polo tanto só quedan os pactos: a dereita ou a esquerda. Aplíquense o conto, xa que moitos vimbios non temos para facer o cesto.

Do resto dos partidos que acadaron representación, algúns deles serán imprescindibles para calquera tipo de goberno que se forme. Agardemos que a cordura e a capacidade de diálogo sexan as protagonistas deste período postelectoral e poidamos acadar un goberno estable para manexar o noso país. Do resto dos partidos que acadaron representación, algúns deles serán imprescindibles para calquera tipo de goberno que se forme. Agardemos que a cordura e a capacidade de diálogo sexan as protagonistas deste período postelectoral e poidamos acadar un goberno estable para manexar o noso país. Non estabilidade entendida como unidade centralizadora dun poder que emana desde Madrid cara as mal chamadas periferias, tal e como nola queren vender os líderes dos principais partidos, non. Estabilidade, entendida como pilar fundamental dun réxime parlamentario “condenado” a entenderse. Xa non é tempo de maiorías políticas, senón de maiorías cidadás. É positivo que as diferentes vontades e identidades se vexan representadas no hemiciclo e, a partires desta lexislatura temos a oportunidade de amosarlle ao mundo o verdadeiro sentido da democracia, que non é outro que o diálogo.

ACABEMOS COS PLUMACHOS!!!



O Goberno local logra que a Deputación invista 650.000 euros na ampliación da estrada que conecta Mera coa vía Ártabra



◆ A Deputación provincial retomará o proxecto de ampliación da estrada DP-5815, coñecida como estrada da Besta e que transcorre pola rúa Curros Enríquez desde o centro de Mera ata a rotonda da vía Ártabra, preto do linde con Sada. O proxecto da Deputación da Coruña prevé a ampliación da vía —a calzada existente actualmente non supera os 5 metros de ancho— ata os 10 metros: 7 metros serán de estrada para a circulación de vehículos e os outros 3 servirán de beiravías para que os peóns poidan camiñar de xeito seguro. O proxecto está exposto ao público na Casa do Concello e contará cun investimento de 650.000 euros.

As novas árbores plantadas na urbanización O Graxal non danarán as beirarrúas nin as tubaxes ▼



◆ A tala efectuada no Seixo veu provocada pola deterioración que estaban a sufrir as beirarrúas da urbanización O Graxal. As raíces dos plátanos eliminados tamén estaban a provocar roturas nas tubaxes de auga e de saneamento e filtracións a edificios. O Concello está a repoñer as 46 árbores cortadas por unha especie máis axeitada para as beirarrúas das alamedas. Ademais, tamén serán restituídos todos os danos existentes nas beirarrúas afectadas.

Un concello vivo

O parque da Lagoa contará cunha cuberta ▼



◆ As obras de acondicionamento do parque da Lagoa de Mera suporán un investimento de 441.663,27 euros en diversas melloras deste espazo público. Ademais da construción dunha gran cuberta na praza, será renovado o parque infantil e desenvolveranse diversas actuacións de mantemento e reposición do mobiliario deste espazo público.

Os materiais empregados para a construción da cuberta garanten a integración visual coa paisaxe do contorno mediante unha estrutura abovedada, similar ás ramas das árbores que hai no Parque. Empregarase madeira laminada para preservar a calidade estética e paneis transparentes que permitirán o paso da luz natural.

Comeza a primeira fase das obras do carril bici que conectará as localidades de Mera e Santa Cruz



◆ O alcalde de Oleiros e deputado provincial Ángel García Seoane está a recuperar o proxecto de carril bici desde Santa Cruz ata Mera. Estas obras, que se financiarán con fondos provinciais e con recursos municipais, foran boicoteadas polo anterior Goberno provincial.

Para acometer este importante proxecto, o Concello de Oleiros inicia nestes días a primeira fase das obras grazas aos acordos acadados cos 386 propietarios dos terreos lindeiros coa estrada. O orzamento é de 790.000 e será asumido integramente polo Concello, xa que a Xunta de Galicia nin fixo nin deixou facer durante os últimos catro anos. A actuación consistirá na explanación de terreos, canalización de pluviais e eliminación e reconstrución dos peches das fincas para posteriormente poder proceder á realización da segunda fase das obras.

Unha vez rematada esa primeira parte, a Deputación investirá 1 millón de euros para dotar de rego asfáltico e realizar a sinalización e obras complementarias precisas desde Santa Cruz ata Mera para que os veciños e veciñas de Oleiros poidan gozar dun carril bici que irá desde a rúa da Pasaxe ata Mera.

A ordenación do aparcamento de Bastiagueiro ascende a 140.000 euros ▼



◆ O Concello de Oleiros ordenará e asfaltará o aparcamento situado detrás da praia de Bastiagueiro, na rúa Anguías, cun investimento de 140.000 euros. Cando remate de executarse esta obra, o terreo de 6.000 metros cadrados pasará a contar con máis de 200 prazas de aparcamento. O proxecto contempla a mellora do terreo da parcela mediante o recheo de terras e a execución de noiros. Desta maneira quedará regularizada a superficie para facilitar o acceso dos usuarios. Tamén se creará unha rede de recollida das augas pluviais e zonas axardinadas con céspede e árbores.

Acabáronse as colas no Carballo ▼



◆ Finalizaron as tarefas de construción da rotonda no lugar da Xesta, entre O Carballo e Iñás, o que permitiu a eliminación dos semáforos e, por conseguinte, as longas colas quilométricas que se formaban en ambos sentidos da circulación nesta zona da N-VI. As obras realizáronse en terreos cedidos polo Concello de Oleiros, tanto na zona da rotonda como na ampliación dos accesos á avenida Miguel Hernández.

O Goberno local levaba anos reivindicando que se solucionaran os gravísimos problemas de tráfico que se rexistraban a diario no Carballo. Nas horas punta, a circulación era moi densa e as colas eran realmente importantes.

Os principais afectados eran os traballadores e traballadoras dos polígonos industriais situados nos concellos de Oleiros, Bergondo e Sada, aínda que todos os condutores e condutoras sufrían diariamente os atascos.

Neste momento hai unha situación totalmente distinta grazas a esa pequena obra, practicamente insignificante para todo un Ministerio de Fomento. É de lamentar que non se tivera realizado esta sinxela actuación moito antes dado o custo e a importancia que ten para os miles de vehículos de toda a comarca que transitan a diario por esta estrada.

O Concello mellorará as instalacións do campo de fútbol de Iñás

◆ Ademais da instalación de céspede artificial, que comezou estes días, o Concello tamén construíra uns vestiarios novos, pechará o recinto, mellorará os accesos e colocará unha iluminación axeitada. Esta actuación, non contemplada nos orzamentos, ascende a 156.000 euros e poderá realizarse grazas a unha axuda económica procedente da Deputación coa que se pretende compensar a Oleiros polo maltrato de anteriores lexislaturas. O de Iñás é o único campo de fútbol municipal que carece dun peche exterior. Ademais, ao tratarse dun dos tres recintos nos que se vai colocar céspede artificial, preténdese equipalo o mellor posible para que todos os equipos do Concello, especialmente aqueles que empregan terreos de xogo privados, poidan usalo con maior comodidade.



As obras da piscina de Perillo xa están a piques de finalizar



◆ As obras de mellora do Complexo Deportivo da Canteira, en Perillo, avanza a moi bo ritmo e xa se atopan moi avanzadas. Esta actuación consiste na creación duns novos vestiarios e na ampliación das salas destinadas a realizar ximnasia e outras actividades. Esta obra, que ten un custo de 649.828 euros, responde ás necesidades do elevado número de usuarios e usuarias que empregan esta instalación.

A vía de acceso ao colexio de Nós cambia o seu sentido de circulación

◆ Atendendo ás peticións da ANPA, o Concello decidiu modificar o sentido de circulación na estrada de acceso ao colexio de Nós –de uso exclusivo para os vehículos que se dirixen ao centro-. Os autobuses e turismos terán que acceder ao recinto escolar pola rúa Salvador Allende e efectuarán a súa saída por Alexandre Bóveda.

O Goberno municipal adoptou esta medida para mellorar a seguridade do alumnado deste centro de ensino público que abriu as súas portas no mes de setembro. A saída dos autobuses pola rúa Alexandre Bóveda era complicada debido á escasa visibilidade que provoca a proximidade dunha curva. Ademais, con esta modificación os nenos e nenas poderán baixar dos vehículos da man do colexio e non terán que cruzar a calzada para entrar no recinto escolar.

Este é o único cambio circulatorio na zona, que mantén o sentido único de circulación no treito da rúa Alexandre Bóveda que vai desde Manuel Murguía ata a súa conexión coa vía de acceso ao colexio entre as 8:30 e as 9:30 e entre as 13:30 e as 14:30 horas dos días lectivos. Nese horario, os vehículos só poden circular en sentido ascendente por ese treito.



Por fin!

■ Saíron a contratación as obras de construción do futuro campo de golf por importe de máis de 7 millóns de euros. Ante o elevado volume económico destas obras, a convocatoria realízase a nivel europeo. Os prazos para a súa adxudicación definitiva, unha vez presentadas as ofertas, están previstos para finais do mes de xullo.



◆ A contratación do campo de golf é unha primeira fase das obras do Plan parcial da urbanización de Xaz nunha área de 1.100.000 metros cadrados, dos que o Concello de Oleiros pasará a ser propietario de máis de 300.000 para destinalos a zonas verdes, equipamentos sociais e deportivos. Ademais, a Administración local tamén terá o 10% do solo das futuras vivendas.



A construción na Corredoira das Viñas completa a urbanización do núcleo de Perillo

◆ Saíron a contratación, por un importe de 1.402.303,86 euros, as obras de urbanización da Corredoira das Viñas, en Perillo. A consolidación desta área, vén completar a total urbanización do núcleo de Perillo coa apertura de novas vías, creación de zonas verdes e dotación de parcelas para equipamentos deportivos. O ámbito desta urbanización ten unha extensión de 23.000 metros cadrados. Tal e como recolle o plano, está prevista a construción de 5 bloques de pisos, un deles de vivenda protexida. Ademais, crearanse 25 vivendas unifamiliares e 2.110 metros cadrados serán destinados a fins comerciais.

	VIVENDAS UNIFAMILIARES		ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS
	VIVENDAS COLECTIVAS		PARCELA DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS

O Concello avanza na súa loita contra as vivendas en ruínas

Ante a pasividade dos propietarios, o Concello está a acometer as demolicións pasándolles os gastos aos donos dos inmobles.

◆ O Concello de Oleiros, en aplicación do artigo 201 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segue a traballar na eliminación de todas aquelas vivendas con graves deterioracións, onde o risco de desprendementos é moi elevado. Trátanse de casas que se atopan próximas a vías públicas e en centros urbanos polo que os perigos para os veciños e veciñas son importantes.

De xeito incomprendible e a pesar dos múltiples requirimentos do Concello, a maioría dos propietarios destas vivendas non toman as medidas pertinentes. Nestes casos, o propio Concello está a acometer as demolicións pasándolle o cargo correspondente aos seus respectivos donos.

Comeza a demolición da vivenda ruínosa da rúa Lameiro ▼

Despois de longos trámites administrativos para a eliminación deste grave problema para os veciños e veciñas da zona do Seixal, o Concello de Oleiros obtivo a correspondente autorización xudicial para proceder ao derrubamento do inmoble situado na esquina onde conflúen as rúas Lameiro e Salvador Allende. Esta demolición supón uns custos de 35.179,64 euros, que terán que afrontar os propietarios da casa derruída.



Urbanismo abre un expediente de ▲ derrubamento en Montrove

Ademais desas tres demolicións, o Concello abriu o correspondente expediente de demolición ao propietario desta casa que se atopa en Montrove, na rúa Vacarizas. O prazo que ten para acometer o derrubamento remata en febreiro. De non actuar antes desa data, será o Concello o que execute a orde de derribo pasándolle ao propietario todos os gastos derivados da operación.

Execútanse dúas demolicións na rúa Xubín ▼

No pasado mes de novembro foron executadas as demolicións de dúas vivendas ubicadas na rúa Xubín, na localidade de Oleiros. Esta dobre actuación, xunto coa da rúa Lameiro, deixa en oito o número de vivendas demolidas en todo o municipio no 2015.



■ A vivenda demolida levaba anos abandonada e a vexetación case a tapaba por completo. O aspecto actual do solar é completamente diferente.



■ A outra casa declarada en ruínas desta zona atopábase na esquina onde conflúen as rúas Xubín e Río. O contraste entre o antes e o despois é evidente.



Os veciños tomarán Santiago se a Xunta non contrata as obras de conexión da vía Ártabra co porto de Lorbé de xeito inmediato ▼

◆ As obras de conexión da vía Ártabra co porto de Lorbé, paralizadas desde hai máis de 3 anos, seguen sen contratarse por parte da Xunta de Galicia. Ante esta situación, o Goberno municipal está estudando a convocatoria dunha mobilización dos veciños e veciñas de Oleiros para demandarlle ao Goberno autonómico na cidade de Santiago a contratación inmediata das obras de acceso ao porto. Por este motivo, nos próximos días iniciaranse unha serie de asembleas e reunións informativas nas distintas localidades do municipio.

O abandono deste treito da vía Ártabra pon de manifesto o total desprezo dos responsables da Xunta cara ás persoas que desenvolven o seu traballo na ría de Lorbé. Nin a Confraría de Pescadores e nin o Concello de Oleiros están dispostos a tolerar máis tempo esta actitude do Goberno autonómico coa que se está a danar gravemente os intereses económicos do sector.

Lorbé é un dos poucos portos de Galicia que non dispón duns accesos axeitados para o desenvolvemento da súa actividade pesqueira e acuícola. Actualmente, o acceso existente é moi precario. A circulación vólvese especialmente complicada cando circulan os numerosos camións que soben e baixan ao porto. A conexión coa vía Ártabra suporía a fin de todos eses problemas, que permitirían aumentar a potencialidade deste porto de xeito moi considerable. Hai que destacar que ademais da importante actividade pesqueira, Lorbé é o porto do norte de Galicia que máis mexillón produce e conta cunha depuradora de moluscos moi importante.



■ Terreos expropiados pendentes de obra

As entidades de Mera denuncian a infrautilización da planta superior da casa do mar e demandan o seu uso



◆ O desbaratamento e a infrautilización das instalacións da casa do mar de Mera, controladas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, é un feito coñecido por todos os veciños e veciñas de Mera. Este edificio foi concibido no seu día para o uso prioritario da xente do mar de Mera, pero a Xunta de Galicia, coa escusa de facer un centro de día, quitoulle a este colectivo o uso dunha parte importante destas instalacións.

Ante a necesidade de espazos públicos para que as entidades da localidade poidan desenvolver as súas actividades, a Asociación de Veciños San Cosme de Maianca, a Asociación de Xubilados de Mera, a Agrupación Cultural A Marola, a Coral Polifónica de Mera e o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera solicitaronlle de xeito conxunto e por escrito á Consellería de Política Social o edificio a disposición do Concello de Oleiros de xeito inmediato. Esta medida, ademais de permitir o desenvolvemento das actividades dos colectivos merachos, economizaría as arcas públicas xa que a Xunta de Galicia ten contratadas incomprensiblemente a dúas persoas para abrir e pechar un edificio baleiro cuns horarios que para nada serven aos colectivos veciñais.

O Concello solicita colaboración veciñal para evitar os roubos de cable de cobre

◆ Nos últimos meses, os amigos do alleo roubaron o cable da iluminación pública de parte do paseo da praia de Bastiagueiro, do cemiterio de Liáns e dos accesos ao porto de Santa Cristina. O Concello de Oleiros, que prevé realizar a reposición do material roubado de inmediato, demanda a colaboración veciñal para evitar este tipo de sucesos que ademais de deteriorar o patrimonio municipal supoñen un importante gasto para a economía do Concello. Por iso, todos aqueles veciños e veciñas que vexan a persoas en actitudes estrañas nas redes de iluminación municipal ou que se decaten de apagóns inusuais nas rúas ou prazas que non dubiden en chamar de xeito urxente á **Policía Local (981 610 001)**.

Emprendedores agrícolas inician un prometedor proxecto empresarial en terreos municipais ▼

◆ O Concello de Oleiros, dentro das políticas de emprego municipais, puxo a disposición de novos emprendedores agrícolas, en coordinación coa Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha nave de propiedade municipal situada no polígono de Iñas da que se procederá ao envasado de produtos ecolóxicos da comarca e outros lugares.

A maquinaria para este envasado financiarase a través de fondos FEDER. Así mesmo, o Concello tamén puxo a disposición das persoas emprendedoras deste interesante proxecto 20.000 metros cadrados de solo rústico nas inmediacións do polígono, para cultivos baixo abrigo.



■ O Concello de Oleiros cedulle aos emprendedores 20.000 metros cadrados para poder desenvolver as súas actividades

Oleiros apoiará o proxecto do Concello da Coruña para optar a 15 millóns de fondos europeos ▼

◆ O Concello de Oleiros apoiará o proxecto que presentará A Coruña para optar a 15 millóns de euros procedentes do programa da Unión Europea Eidas. Os fondos estarían destinados a acometer diversas melloras que tamén afectan a Oleiros como son a eliminación dos problemas co chabolismo na ría, melloras no servizo de augas, a transformación de Emalcsa nunha entidade metropolitana pública, cuestións do transporte e a planta de Nostián.

Ademais de Oleiros, a maioría de concellos do Consorcio das Mariñas apoiarán este proxecto. Ao solicitar esta subvención de xeito conxunto é máis factible obter a financiación para desenvolver as diferentes actuacións propostas xa que os proxectos son valorados en función do número de persoas ás que afectan.

Que a terra che sexa leve, amigo!

■ *A finais de novembro faleceu o insigne escritor e amigo entrañable do noso Concello, Xosé Neira Vilas.*

◆ Oleiros sempre lembrará as vivencias que desde o ano 1989 tivemos ocasión de compartir e gozar con el e a súa compañeira, Anisia.

"Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Como quen dis, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña".

Fragmento de *Memorias dun neno labrego*, escrito por Xosé Neira Vilas no 1961.



■ Neira Vilas e a súa esposa no acto inaugural do instituto de Perillo

O pobo de Oleiros reconece a calidade profesional e humana da pediatra Cecilia Vecillas Sevilla ▼

■ O Concello de Oleiros e as entidades veciñais preparan un acto con motivo da xubilación desta extraordinaria médica

◆ A pediatra Cecilia Vecillas Sevilla dedicou 33 anos da súa vida profesional a atender os nenos e nenas do noso municipio. A súa dedicación foi realmente especial e á súa extraordinaria capacidade profesional hai que engadirle unha calidade humana que está fóra de toda dúbida. Cecilia foi unha doutora inigualable pola atención que lle deu aos nosos pequenos e pequenas e tamén a aqueles outros e outras que alén do mar, en diversos países de Latino América, puideron favorecerse dos seus coidados como profesional da medicina.

Os colectivos veciñais de Oleiros e o Concello estimaron que persoas como Cecilia Vecillas son merecedoras dun recoñecemento especial para que o seu nome e o seu traballo, que tanta saúde trouxo aos nosos nenos e nenas, perdure na memoria do noso pobo. Aínda que a pediatra renunciou a que o seu nome figure no centro de saúde de Perillo, non poderá impedir un fermoso acto que terá lugar en próximas datas e no que, de seguro, participarán centos de persoas. Entre outras cousas, estase a preparar un libro elaborado por centos de oleirenses no que se recollen gratitudes, poemas, debuxos e dedicatorias a esta excelente doutora.



■ Moitos e moitas pacientes de Cecilia Vecillas participaron na confección do libro que se lle entregará á pediatra xubilada.



XXXII edición da Festa do Entroido en Oleiros

O Entroido volve á súa cita anual en Oleiros ▼

■ A festa que organiza o Concello contará con orquestra, concurso de disfraces, chocolatada e a actuación sorpresa de todos os anos

- Polideportiva de Santa Cruz
- Venres, 12 de febreiro, a partir das 19:00 h

◆ Este ano 2016 o Entroido madruga, apenas rematados os excesos das festas do Nadal, aínda sen dixerir os turróns e as sobremesas desa época, xa nos atopamos, sen darnos conta, rodeados de filloas, orellas, cachuchas, chourizos... No Concello de Oleiros, o día grande do Entroido será o venres 12 de febreiro, despois do Martes de Entroido e xusto o día anterior ao Sábado de Piñata.

O venres día 12 a partir das 19:00 horas, na polideportiva de Santa Cruz a carón do colexio Parga Pondal, comezará a tradicional festa con actuación musical, chocolatada, concurso de disfraces e a actuación sorpresa de todos os anos. Ademais, repartiranse máis de 3.000 euros en premios aos mellores disfraces individuais e colectivos nun concurso que é unha das referencias na comarca coruñesa.



INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL ▼

Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros

e recibirás diariamente, de xeito automático e gratuíto, toda a información municipal no teu correo electrónico. Desde a páxina principal da web municipal, www.oleiros.org, poderás acceder ao formulario de subscripción para darte de alta neste servizo.



O pleno do Concello de Oleiros aproba o orzamento municipal para 2016

◆ O pleno do Concello de Oleiros aprobou o orzamento xeral para 2016 cun incremento global do 1,64% sobre o de 2015. O documento prevé un aumento do 25% nos investimentos destinados á contratación de novas obras e servizos, o que supón preto dun millón de euros de aumento e que deixa este capítulo nos 4,6 millóns de euros. Estes orzamentos tamén estiman unha recuperación dos ingresos correntes en 420.648,00 euros, que unido á racionalización dos gastos e ao esforzo pola súa contención, incrementábase o aforro neto, pola redución das cargas financeiras, de 2.506.637,00 euros que se destinan ao capítulo de investimentos.

ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

Con anterioridade á elaboración dos orzamentos, o Goberno municipal dirixiuse por carta aos colectivos de maior entidade do municipio para solicitar as súas propostas de cara a confeccionar o documento. A maioría das suxestións recibidas aparecen recollidas no orzamento elaborado polo executivo local o que pon de manifesto o carácter participativo deste documento.

Os ingresos

■ As principais fontes de financiamento do Concello de Oleiros son os ingresos procedentes do seu patrimonio, que financian parte do capítulo de investimentos, os tributos propios, que se clasifican en taxas e impostos, as participacións en tributos do Estado, as subvencións, os prezos públicos, as multas e as sancións derivadas de actos de competencia propia, as operacións de crédito e demais prestacións de dereito público. Os impostos directos supoñen o 38% do total dos ingresos, a participación nos tributos do Estado o 25% e as taxas e prezos públicos o 17%.

TOTAL INGRESOS	EUROS
CAPÍTULO 1: IMPOSTOS DIRECTOS.....	10.018.000,00
CAPÍTULO 2: IMPOSTOS INDIRECTOS.....	500.000,00
CAPÍTULO 3: TAXAS E OUTROS INGRESOS.....	4.373.770,00
CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES.....	8.709.060,00
CAPÍTULO 5: INGRESOS PATRIMONIAIS.....	236.100,00
CAPÍTULO 6: VENDA DE BENS.....	278.918,00
CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITALS.....	1.882.170,00
CAPÍTULO 8: ACTIVOS FINANCEIROS.....	40.000,00
CAPÍTULO 9: PASIVOS FINANCEIROS.....	0,00
TOTAL INGRESOS	26.038.018,00

◆ Nos ingresos por impostos directos sobre o capital (IBI, IVTM, IVTNU) estímase un incremento dun 3,09% en relación a 2015. Ese aumento débese a que se prevé o incremento de previsións de ingresos polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica, o imposto sobre o incremento do valor de terreos de natureza urbana e o imposto sobre actividades económicas.

En canto aos impostos indirectos, as contas para 2016 contemplan un descenso do 9%. Falamos neste apartado dos cobros derivados das licencias urbanísticas, que corresponden aos impostos indirectos pola construción instalación e execución de obras.


As taxas e prezos públicos non sufrirán modificacións no seus tipos. Non obstante, prevése unha baixada no total do capítulo 3 do 4,77%, motivada pola adaptación dos aproveitamentos especiais derivados das compañías subministradoras de gas e electricidade, así como a eliminación das contribucións especiais impostas o ano pasado para o incremento do servizo de extinción de incendios.

As transferencias correntes mantéñense na liña do ano anterior, reflectindo unha lixeira baixada do 0,51%.

O financiamento de parte dos investimentos incluídos no estado de gastos, procede das transferencias de capital que se prevé que sexan realizadas por outras administracións.

Igual que en exercicios anteriores, mantense unha previsión no capítulo VIII, por importe de 40.000,00 euros para os reintegros de anticipos de pagas ao persoal, de conformidade coas bases de execución do orzamento.

ORZAMENTO DE INGRESOS



■	CAPÍTULO 1: IMPOSTOS DIRECTOS (38,47%)
■	CAPÍTULO 2: IMPOSTOS INDIRECTOS (1,92%)
■	CAPÍTULO 3: TAXAS E OUTROS INGRESOS (16,80%)
■	CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES (33,45%)
■	CAPÍTULO 5: INGRESOS PATRIMONIAIS (0,91%)
■	CAPÍTULO 6: VENDA DE BENS (1,07%)
■	CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITALS (7,23%)
■	CAPÍTULO 8: ACTIVOS FINANCEIROS (0,15%)
■	CAPÍTULO 9: PASIVOS FINANCEIROS (0,15%)

Os gastos

◆ En relación ao orzamento de 2015, contéplase un incremento do 1% das retribucións de todo o persoal municipal, así como o aboamento do 50% restante da paga extra correspondente ao mes de decembro de 2012 suprimido polo Goberno central. Como isto último xa fora previsto no 100% no orzamento de 2015, prodúcese unha lixeira rebaixa no apartado de persoal do 0,04%.

◆ As políticas de eficiencia e aforro enerxético desenvolvidas polo Goberno local propician que no capítulo de gastos correntes se manteñan os aforros acadados no orzamento de 2015 tanto na subministración eléctrica como no resto de gastos de mantemento das instalacións e servizos municipais.

A rigorosidade na xestión económica do Concello, que xa supuxo a obtención dun superávit de 6 millóns de euros para arcas públicas no exercicio de 2014, permite que os gastos financeiros se reduzan en 101.000,00 euros (45,68%). O Goberno está a reducir a débeda e a obter melloras da previsión para xuros de demora, mantendo operacións de tesourería máis baixas para o axuste e cumprimento de prazos dos pagos a provedores.


No capítulo IV, preséntase un incremento importante con relación a 2015 (+3,95%). Os aumentos máis significativos son os fondos destinados ao Consorcio das Mariñas así como ás bolsas escolares. As subvencións a entidades culturais e deportivas e as actividades extraescolares, incrementadas en exercicios anteriores nun 10%, mantéñense.

A dotación para o Fondo de continxencia e outros imprevistos redúcese en 400.000,00 euros para financiar directamente o capítulo de investimentos, dotándose a través deste, os créditos necesarios para novas obras, o mantemento do extenso patrimonio municipal e garantir o normal funcionamento dos servizos.

Seguindo coa política marcada polo Goberno municipal desde hai anos, favorécense os investimentos que producen aforro no gasto corrente, como é o caso do aforro enerxético, ou permitan a xeración directa ou indirecta de novos ingresos. Incrementábase o gasto neste capítulo en relación ao exercicio anterior no 24,85% en termos relativos, sendo en termos absolutos 919.145,00 euros, polo incremento do aforro neto destinado ao financiamento de investimentos, e á mellora de ingresos por transferencias de capital da Deputación da Coruña.

TOTAL GASTOS	EUROS
CAPÍTULO 1: GASTOS DE PERSOAL.....	9.075.110,005
CAPÍTULO 2: BENS CORRENTES.....	10.693.912,00
CAPÍTULO 3: GASTOS FINANCEIROS.....	120.120,00
CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES.....	961.151,00
CAPÍTULO 5: FONDO DE CONTINXENCIA.....	100.000,00
CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS.....	4.667.725,00
CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITALS.....	0,00
CAPÍTULO 8: ACTIVOS FINANCEIROS.....	40.000,00
CAPÍTULO 9: PASIVOS FINANCEIROS.....	380.000,00
TOTAL GASTOS	26.038.018,00

ORZAMENTO DE GASTOS



■	CAPÍTULO 1: GASTOS DE PERSOAL (34,85%)
■	CAPÍTULO 2: BENS CORRENTES (41,07%)
■	CAPÍTULO 3: GASTOS FINANCEIROS (0,46%)
■	CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES (3,69%)
■	CAPÍTULO 5: FONDO DE CONTINXENCIA (0,38%)
■	CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS (17,93%)
■	CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITALS (0,00%)
■	CAPÍTULO 8: ACTIVOS FINANCEIROS (0,15%)
■	CAPÍTULO 9: PASIVOS FINANCEIROS (1,46%)

AS OBRAS DO ORZAMENTO:

■ Senda costeira de Canide:	507.000 euros	■ Adquisición dun camión para os Servizos Municipais:	110.000 euros
■ Acondicionamento do contorno da lagoa de Mera:	441.663 euros	■ Beirarrúas na avenida Rosalía de Castro, desde o inicio ata a rotonda de Lucín:	100.000 euros
■ Expropiación de terreos para a creación do parque público que conectará Bastiagueiro con Santa Cruz:	385.778 euros	■ Parque de Bastiagueiro:	100.000 euros
■ Pavimentación de rúas:	250.000 euros	■ Adquisición dun tractor para os Servizos Municipais:	80.000 euros
■ Renovación da rede de augas nas rúas Pazo e Cobo:	200.000 euros	■ Renovación do bombeo de Dexo:	73.620 euros
■ Expropiación de terreos para prazas, sendas e beirarrúas:	200.000 euros	■ Renovación do mobiliario da piscina de Perillo:	60.000 euros
■ Depuradora de Punta Bufadoiro, Mera:	187.550 euros	■ Ampliación da casa do pobo de Mera:	50.000 euros
■ Creación da Escola Municipal de Teatro nas instalacións da Escola Municipal de Danza:	180.000 euros	■ Melloras no local de Facenda do Concello de Oleiros (Perillo):	40.000 euros
■ Melloras no campo de fútbol de Iñás:	156.000 euros	■ Melloras no náutico de Bastiagueiro:	35.000 euros
■ Zona verde de Naval:	150.000 euros	■ Reforma do Centro de Lecer:	30.000 euros
■ Expropiación de terreo en Bastiagueiro:	136.487 euros	■ Melloras na casa do pobo de Nós:	21.000 euros
■ Renovación da rede de augas nas rúas Monte do Sino e avenida Valle Inclán:	125.000 euros	■ Melloras no parque Rialeada:	20.000 euros
		■ Climatización da piscina de Oleiros:	15.000 euros

As familias numerosas premian o Concello de Oleiros como mellor administración pública de Galicia

■ O Concello de Oleiros foi premiado na categoría de organismo público pola Asociación Galega de Familias Numerosas, AGAFAN, como a mellor Administración pública de Galicia. Con este galardón, as familias con tres ou máis fillos recoñecen a axuda que desde o Concello se lle presta constantemente a través de múltiples accións e iniciativas.

◆ O Concello de Oleiros bonifica no IBI ás familias numerosas con descontos que van desde o 10 %, para aquelas unidades con tres fillos, ata o 50%, para aquelas que teñen dez ou máis nenos e nenas. Así mesmo, as cotas da Escola Municipal de Danza e Música e das actividades culturais, de ocio, deportivas e de Servizos Sociais tamén recollen un trato favorable para estes casos. Os recibos da auga, os dereitos de exame e a taxa por utilización de inmobles e instalacións municipais deportivas tamén contemplan bonificacións para as familias numerosas.

O alcalde de Oleiros recolleu o premio no VIII Congreso de Familias Numerosas. No acto de entrega, celebrada en Vigo, García Seoane agradeceulle a AGAFAN a distinción que recoñece o traballo do Concello como administración pública.



O calendario fiscal de 2016 abre o prazo de pagamento no mes de marzo ►

■ A rodaxe, os vaos, os cemiterios, as terrazas e os caixeiros poderán pagarse entre o 1 de marzo e o 2 de maio

◆ Os prazos de cobranza dos impostos do denominado grupo 1 van desde o 1 de marzo ata o 2 de maio. As persoas que teñen domiciliados os seus recibos pasaráselles o correspondente cargo o día 1 de abril. Os impostos incluídos neste primeiro grupo son o imposto sobre vehículos de tracción mecánica, a taxa por entrada de vehículos e reserva de espazo, a taxa dos cemiterios municipais, a taxa de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa e a taxa de aproveitamento do dominio público con caixeiros de entidades financeiras e máquinas expendedoras instalados nas fachadas e manipulables desde a vía pública. No caso de non ter domiciliados os recibos, os contribuíntes poden pagar a través da sede electrónica da web municipal www.oleiros.org -dentro do apartado Carpeta Cidadá-. Tamén é posible realizar o pagamento de xeito presencial na Oficina de Recadación do Concello de Oleiros, dentro do seu horario de atención ao público, de luns a venres de 8:30 a 13:00 horas; ou nas entidades Abanca, Caixabank, Banco Pastor, Banco Santnader e BBVA, estes non poderán establecer limitacións aos días e horario para realizar os ingresos, debendo aceptalos, durante o prazo indicado, sempre que se produzan no seu horario normal de caixa.

Catro oleirenses son premiados no II Premio Literario Descubrindo Oleiros

◆ En 2014 naceu o Premio Literario Descubrindo Oleiros para promover a lingua e dar a coñecer o noso concello, pero tamén para animar a que a xente nova escriba, lea e investigue sobre os nosos espazos. En cada un dos relatos presentados por alumnos e alumnas de 3º de primaria a 4º de ESO, puidemos descubrir os sentimentos da nosa mocidade, vimos o agarimo co que describen moitos dos lugares de Oleiros, como a biblioteca Rialada, o Seixo Branco...; a curiosidade que teñen por saber como o patrimonio municipal chegou a mans do Concello, como A Fábrica ou o castelo de Santa Cruz; como se reflicte a educación en valores, a preocupación polo medio ambiente e pola conservación do municipio... Pero sobre todo vimos uns artistas que con Oleiros de fondo foron creando a súa obra chea de soños e ilusións. Os relatos premiados foron *Unha mensaxe dende o fondo do mar*, de Maya Faulkner Fernández, *Boas ondas* de Mateo Amado Ares e ademais entregáronse dous accésits un a *Os segredos da Fábrica* de Celtia Río Santos e outro a *Detrás dun andel* de Andressa Fernández Amador.



■ De esquerda a dereita: Celtia Río (premiada), Lucía Filloy (Departamento de Cultura), Lucía Rodríguez (Departamento de Cultura), Andressa Fernández (premiada), Maya Faulkner (premiada), María Esther Garrido (Concelleira de Cultura) e Mateo Amado (premiado).

O Voluntariado de Oleiros elabora o seu propio regulamento a través dun proceso participativo

■ *O Voluntariado de Oleiros está a elaborar un documento que será a base do próximo Regulamento municipal do voluntariado de Oleiros, un marco legislativo e de organización da acción voluntaria no noso Concello e das persoas que desenvolven a súa actividade no Voluntariado de Oleiros.*

◆ Este proceso xurdiu tras unha das formacións que reciben anualmente as persoas voluntarias. No pasado mes de setembro desenvolveuse un curso denominado “*De grupo a equipo*” co obxectivo de reforzar as relacións entre os voluntarios e voluntarias, así como de medrar no que a organización e reparto das tarefas de traballo se refire.

As conclusións que se sacaron desa acción formativa foi a demanda do voluntariado na participación nos distintos proxectos, non só na execución, senón tamén no deseño, estudo e funcionamento. Asemade manifestaban a súa necesidade de plasmar por escrito e dun xeito formal o marco de traballo no que estaban a desenvolver a súa actividade nun documento público, no que tamén se recollen os seus dereitos e principalmente os seus compromisos e deberes como voluntariado.

Posteriormente, nunha das reunión mensuais que celebra o Voluntariado, propúxoselles que elaborasen eles mesmos un documento que servise de borrador para un regulamento municipal que rexese a Acción Voluntaria no Concello de Oleiros. De forma inmediata puxéronse en marcha e, baixo a coordinación da técnica de Servizos Sociais responsable do Voluntariado, organizáronse en comisións de traballo estudando outras normativas, deseñando a organización do Voluntariado, redactando os seus compromisos...



Con motivo do Día Internacional do Voluntariado, houbo unha reunión interna dos voluntarios e voluntarias na que se presentou e debateu este borrador no que se recollen a Misión e Visión do Voluntariado de Oleiros, a organización por comisión e por proxectos, o papel da persoa voluntaria, o papel do Concello de Oleiros como marco de desenvolvemento da actividade...

Un excelente traballo, rigoroso e real, froito dun proceso participativo, de abaixo a arriba e no que o propio voluntariado foi o protagonista. Este proceso terá o seu punto final cando sexa trasladado ao Pleno municipal do Concello de Oleiros para a súa aprobación no primeiro trimestre do ano 2016.

Os maiores recuperan a historia de Mera a través dun proxecto interxeracional



■ Mariñeiros no porto de Mera



■ Antigo edificio A Perla

■ *Desde os talleres de memoria da Concellería de Servizos Sociais vaise iniciar, no primeiro trimestre do ano, unha actividade interxeracional, a través da que as persoas maiores e os rapaces e rapazas de Mera, desenvolverán nunha actividade de investigación e recuperación da historia da súa localidade.*

◆ Neste proxecto, maiores e cativos xuntos, van descubrir o entorno histórico da Lagoa de Mera con varias actividades que lles permitirá:

- Indagar no contorno actual.
- Coñecer a contribución e a repercusión da función empresarial no pobo de Mera e nos seus habitantes.
- Observar e participar na derivación producida polo entorno histórico na actual toponimia do pobo.
- Descubrir e recoñecer a vida das mulleres, os roles femininos establecidos nestas épocas e o seu papel na historia.

A historia dun pobo contada polos propios protagonistas, permite ás novas xeracións coñecer a súa orixe, a toponimia, como eran os lugares do propio pobo agora transformados ou desaparecidos..., en definitiva, vailles permitir coñecer a súa cultura e os seus recursos máis próximos.

Envellecer é un proceso natural no que a persoa vive a súa historia e, ao mesmo tempo, a do seu propio contorno. Recuperar a sabedoría e as experiencias das persoas maiores e transmitilas enriquece as persoas e o propio pobo.

Na localidade de Mera iniciarase a primeira das experiencias que ao longo do ano se estenderán a diferentes grupos de maiores e rapaces e rapazas doutras parroquias de Oleiros.



PARTICIPA!

Paula Agra Neira conquista 6 medallas nos campionatos de España de salvamento e socorrismo



◆ Paula Agra Neira pechou 2015 cuns resultados inmillorables. A deportista de Lorbé proclamouse campioa de España en dúas disciplinas distintas de salvamento e socorrismo: sprint praia e carreira con esquí. Ademais, colleitou unha medalla de prata en carreira con táboa e tres bronzes nas disciplinas de relevos sprint praia, bandeiras e taplín. Ademais de todos estes éxitos, durante a tempada que acaba de rematar tamén bateu seis récords galegos e subiu ao máis alto do podio en dez campionatos galegos deste deporte.

O taekwondista de Lorbé Miguel Orro proclámase subcampión de España en Alacante

◆ Miguel Orro Muíños, de 16 anos e veciño da localidade de Lorbé, conseguiu a segunda posición no Campionato de España de Taekwondo celebrado na cidade de Alacante. Grazas ao seu bo facer sobre o tapete, o deportista oleirense logrou clasificarse para a final de menos de 48 quilos na que completou unha extraordinaria actuación. O combate estivo tremendamente igualado e decidiuse no punto de ouro dunha controvertida acción na que o vencedor aproveitou que Miguel Orro se atopaba caído no tapiz. Aínda así, o subcampionato é un extraordinario resultado que vén a recoñecer todo o traballo que realiza este gran deportista, que en 2015 tamén obtivo outras dúas medallas de prata: unha no Campionato de España por clubs e outra no Open Internacional G1 disputado en Croacia.

Lucía Fernández campioa e Lucas Yáñez subcampión no Campionato de España de Patinaxe Artística



◆ Lucía Fernández Otero, do Club Patín Oleiros, proclamouse campioa de España na categoría alevín por unanimidade do xurado cunha puntuación de nove puntos. A patinadora oleirense executou un programa longo no que destacou a limpeza, a enerxía, a complexidade e a seguridade na realización de todos os saltos e piruetas que realizou. Pola súa parte, Lucas Pérez Yáñez, tamén do Club Patín Oleiros, defendeu sen ningún erro un magnífico programa polo que obtivo unha puntuación de 8,4 puntos. Ese resultado permitiulle ser segundo na clasificación final, moi preto do primeiro clasificado.



Perillo e Mera xa coñecen aos seus rivais para a Liga Galega de Traiñeiras 2016

◆ O Club de Regatas Perillo permanecerá outro ano máis na categoría A da Liga Galega de Traiñeiras e competirá xunto ás 11 mellores tripulacións do panorama galego. A traiñeira oleirense enfrontarase ás tripulacións de Meira, Amegrove, Mugar dos, Ares, Puebla, Coruxo, Vilaxoán, Bueu, Mecos, Castropol e Chapela. Pola súa parte, o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera vogará na categoría B xunto coas embarcacións de Rianxo, A Cabana, Cangas, Cesantes, Narón, Cabo da Cruz B e Puebla B. A competición comezará no mes de xuño en ambas categorías.

A ximnasta Ana Sánchez Prieto triunfa nos campionatos autonómicos e estatais ►

◆ A nova ximnasta oleirense Ana Sánchez Prieto, de 12 anos de idade, completou un 2015 repleto de triunfos. Do Campionato de España, celebrado en Cáceres, regresou cunha medalla de ouro e un sexto posto na clasificación xeral. No Campionato Galego logrou dous ouro, en barra e paralelas, e unha prata en chan. Tamén durante o pasado ano, Ana Sánchez foi subcampioa absoluta no IX Torneo Nacional del Real Club de Cultura Covadonga disputado en Xixón e xunto co seu equipo conseguiu o quinto posto no Torneo SVOD Internacional celebrado en Deventer (Holanda).



Os xestores deportivos galegos premian a Oleiros como mellor concello en 2015 ▼



◆ O Concello de Oleiros foi premiado pola Asociación Galega de Xestores Deportivos, AGAXEDE, como mellor entidade pública en 2015. O xurado dos IV Premios Galicia reconece desta maneira o traballo que o Goberno municipal vén realizando desde hai máis de 30 anos no eido deportivo.

Con este galardón, AGAXEDE reconece a rede de infraestruturas deportivas existente no Concello de Oleiros, a posta en marcha de múltiples actividades deportivas desde o Departamento de Deportes e o apoio constante a todas as entidades e deportistas que posibilita que na actualidade existan 49 colectivos deportivos no municipio. O Goberno municipal recibiu este premio na gala que organiza esta asociación.

AXENDA DEPORTIVA ▼



■ LIGA ESCOLAR DE JUDO CONCELLO DE OLEIROS

- **Data:** 23 e 30 de xaneiro, 20 de febreiro e 5 de marzo
- **Lugar:** Pavillón José Antonio López Nieto

A Liga Escolar de Judo Concello de Oleiros conta coa participación de máis de 450 judokas procedentes de todos os clubs de Galicia, entre eles os locais do Judo Club Oleiros. Participan na competición os equipos das categorías sub 11, sub 13, sub 15 e sub 18.



■ LIGA DE BATEIS TERRITORIAL NORTE

- **Data:** 12 de marzo
- **Lugar:** Praia de Santa Ana, Mera

Todos os clubs de remo das provincias de Lugo e A Coruña participan nesta proba correspondente á Liga Norte de Bateis. O número de remeiros e remeiras participantes neste proba rolda os 250. A competición comezará ás 16:00 h e haberá regatas en todas as categorías, desde alevíns ata sénior.



■ IV TROFEO DE NATACIÓN SINCRONIZADA CONCELLO DE OLEIROS

- **Data:** 10 de abril
- **Lugar:** INEF de Bastiagueiro

Este trofeo conta coa participación de máis de 350 nadadoras procedentes da maior parte dos clubs de Galicia. Oleiros estará representada polo Club Acuatic Oleiros, que ademais colabora nas tarefas de organización. A competición será por equipos e "combos" de Escola e Base.



■ III TROFEO DE XIMNASIA RÍTMICA CONCELLO DE OLEIROS

- **Data:** 16 de abril
- **Lugar:** Pavillón Municipal de Oleiros

Máis de 200 ximnastas procedentes de toda Galicia, ademais das anfitrioas do Club de Ximnasia Acordes de Oleiros, participan nas probas federadas e de promoción, desde a categoría pre-benxamín ata a categoría sénior.

A Banda Orquestra Sinfónica de Oleiros é distinguida como a segunda mellor de toda Galicia ▼

◆ A Banda da Escola Municipal de Música de Oleiros acadou o segundo premio, a tan só 5 puntos da banda gañadora, no IX Certame Galego de Bandas de Música. Os 97 músicos e músicas dirixidos por Alberto Piñeiro Leiva completaron unha extraordinaria actuación no Auditorio de Galicia, que acolleu o concurso.

O importante logro conseguido pola banda de Oleiros reflicte o importante esforzo realizado polos músicos e músicas para poder medirse e superar a bandas con moita máis experiencia na primeira sección, categoría na que participaron. O xurado do certame cualificou con 432 puntos a actuación da banda de Oleiros que se quedou a tan só 5 puntos da banda gañadora, o que indica o tremendamente disputada que estivo.

A agrupación de Oleiros interpretou La lira de Pozuelo de Luis Serrano, Esbozos sinfónicos de X. Carlos Seráns e Hannibal de Mario Bürki. Precisamente, a próxima edición do Vivir en Oleiros incluírá un CD para que todos os veciños e veciñas poidan escoitar a actuación que realizaron os músicos oleirenses nese IX Certame Galego de Bandas de Música.



Créase un segundo Local de Ensaio Municipal na Fábrica

◆ O centro cultural A Fábrica conta cun segundo local de ensaio onde se celebrarán obradoiros e actividades formativas de guitarra eléctrica, batería, e técnica vocal. Máis de 10 formacións estaban a empregar o único espazo existente para este fin, polo que con esta ampliación dáse por satisfeita a demanda existente neste ámbito.

Este novo local de ensaio está destinado a todos os mozos e mozas que formen parte dun grupo musical o sexan solistas. O novo local, igual que o xa existente, contará cunha batería, dous amplificadores de guitarra, un amplificador de baixo, dous micrófonos, unha mesa de mesturas e dúas caixas de son.



Aberto o prazo de inscrición para ir esquiar a Andorra en Semana Santa



◆ O Concello de Oleiros oferta un total de 40 prazas para viaxar a Andorra e gozar dos deportes de inverno entre o 20 e o 25 de marzo, coincidindo coa Semana Santa. Todas aquelas persoas de entre 18 e 30 anos interesadas en realizar esta viaxe poden solicitar máis información chamando ao 981 636 598.

A viaxe incluírá todo o necesario para gozar de 5 días de esquí: aluguer de material, 5 días de clases de esquí cos mellores monitores, 5 días de forfait, transporte e aloxamento en habitacións dobres, comida en pistas, seguro de accidentes e tempo libre para gozar de relaxantes descansos no Centro Termal de Caldea, dos paseos polas rúas de Andorra ou doutro tipo de actividades.

O Concello loita contra o fracaso escolar e a desigualdade de oportunidades cun programa de apoio ao alumnado ▼

◆ O Concello de Oleiros volve poñer en marcha o programa de reforzo escolar dirixido ao alumnado dos centros de ensino público de Oleiros de primaria e secundaria. O obxectivo principal desta acción é previr o fracaso escolar entre os nosos e as nosas escolares e favorecer a igualdade de oportunidades do alumnado pertencente a familias de baixo nivel socioeconómico.

O Programa de reforzo e apoio escolar municipal rematará co curso escolar no mes de xuño. As clases estanse a desenvolver en horario de 17:00 a 19:00 horas na Casa da Cultura de Perillo – luns primaria, xoves secundaria-, na casa do pobo de Nós –martes primaria, mércores secundaria- e no centro social de Rialta –mércores primaria, venres secundaria-. As inscricións poden facerse presencialmente cubrindo e asinando a ficha do programa e entregándoa, posteriormente, na Concellería de Ensino e Xuventude (centro cultural A Fábrica) ou nos centros escolares. A adxudicación de prazas será por estrita orde de rexistro. Crearase unha listaxe de garda, para os que se inscriban sen praza, á espera de formar grupos novos.

As persoas interesadas en obter o Graduado en Educación Secundaria poden inscribirse nun curso preparatorio ▼

◆ Durante tres días á semana, entre os meses de febreiro e maio, o Concello de Oleiros impartirá un curso dirixido a todas aquelas persoas interesadas en obter o Graduado en Educación Secundaria para adultos. Está previsto que a Xunta de Galicia convoque as probas para a obtención deste título ao longo deste ano 2016, polo que a través destas clases os alumnos poderán prepararse para superar esta proba. O curso será de tres días á semana e cada sesión terá unha duración de catro horas. O profesorado impartirá as materias correspondentes aos ámbitos sociais, lingüísticos e científico-tecnolóxicos. As persoas interesadas deben dirixirse ao Departamento de Ensino, no centro cultural A Fábrica (981 610 000).

Comezan as clases da Escola Infantil de Artes Plásticas ▶

◆ A casa da Biblioteca Central Rialeda acolle un novo curso da Escola Infantil de Artes Plásticas que oferta unha ampla gama de actividades de creación artística e expresión plástica, potenciando a creatividade e imaxinación e estimulando a investigación, a sensibilidade estética e o interese pola arte. Dun xeito lúdico e nun ambiente acolledor introdúcense os nenos e nenas no coñecemento e aprendizaxe de diferentes estilos e artistas, nas diferentes técnicas e na correcta utilización dos diferentes materiais e instrumentos.

Aínda quedan prazas dispoñibles, polo que as persoas interesadas poden solicitar máis información e inscribirse no centro cultural A Fábrica, no correo electrónico cultura@oleiros.org ou chamando ao 981 610 000. O curso está dirixido a nenos e nenas nados entre 2004 e 2009. As clases impártense os venres polas tardes, de 16:30 a 18:00 e de 18:30 a 20:00 horas.



O Concello ofrece obradoiros e talleres monográficos teatrais para adultos ▶

◆ O Concello de Oleiros organiza un ano máis o Obradoiro de teatro para adultos, que se complementa coa organización de talleres monográficos intensivos, para proporcionar a todas aquelas persoas interesadas na actividade teatral novas técnicas e ferramentas para ampliar os seus coñecementos neste ámbito.

O Obradoiro de teatro para adultos, que comezará en febreiro, está dirixido a xente inqueda por aprender regras e ferramentas básicas do xogo teatral escénico. Trátase dunha aproximación inicial ao traballo físico do actor, integra a preparación do corpo para a actuación, dinámicas no espazo escénico, comunicación simple e clara a través do xesto, exploración da voz e o texto nas accións físicas e o desenvolvemento dun vocabulario xestual básico que cree imaxes e emocións en escena. O curso impártese no teatro do centro cultural As Torres de Santa Cruz os martes e os mércores das 18:00 ás 20:00 horas. As persoas interesadas en participar poden solicitar máis información no centro cultural A Fábrica, no correo electrónico cultura@oleiros.org ou chamando ao 981 610 000.

Obradoiro infantil e xuvenil ▶

Tamén seguen en marcha os obradoiros de teatro infantil e xuvenil nos que participan 40 rapaces e rapazas do municipio. As clases, de hora e media de duración semanal, comezaron en outubro e rematarán en xuño. A formación do público infantil e xuvenil é un investimento a longo prazo e unha aposta por asegurar un público adulto estable no futuro.



◀ A Universidade Complutense de Madrid premia á oleirense María Rodríguez pola súa creación artística

◆ A oleirense María Rodríguez Castro, estudante de 4º curso de Belas Artes, foi distinguida co primeiro premio no certame *Valduero con las Bellas Artes*, organizado pola Universidade Complutense de Madrid. A autora oleirense presentou a obra *Vana*, unha transformación dunha barrica nun corpo de muller, intentando reflectir a sensualidade do viño e feminina.

No concurso participaron 32 alumnos da facultade de Belas Artes seleccionados previamente. As bases do certame establecían que os estudantes debían realizar unha escultura ou unha pintura a partir dunha barrica de viño.

Lidia Carrión e Víctor Lens expoñen as súas obras na Fábrica en febreiro e marzo

◆ Do 2 ao 15 de febreiro o centro cultural A Fábrica acollerá a exposición Taller de artistas que conta con pinturas de Lidia Carrión e varios pintores e pintoras máis. A partir do día 23 e ata o 7 de marzo, A Fábrica tamén será o recinto que albergue unha mostra de obras de Víctor Lens.

Ao longo de todo o ano, tanto A Fábrica como a Casa Charry acollen múltiples exposicións individuais e colectivas de obras pictóricas, escultóricas, fotográficas ou doutros estilos artísticos. O Concello de Oleiros pretende difundir a cultura en todos os eidos e asemade incidir no desenvolvemento da educación artística de todos os veciños e veciñas.

As bibliotecas municipais ofrecen unha ampla variedade de actividades

◆ As bibliotecas municipais de Oleiros continuarán ofrecendo nos próximos meses unha extensa programación de eventos dirixidos ao público infantil. Estas actividades de animación á lectura realizaranse de forma lúdica, activa e participativa, fomentando a imaxinación e a creatividade dos pequenos e pequenas. Ademais da Hora do Conto, a través da que os nenos e nenas viaxan a un tempo máxico de fantasía e imaxinación, haberá diferentes obradoiros para aprender e divertirse con distintas creacións artísticas ou manuais. En todas estas actividades a capacidade da sala está limitado a 30 prazas, polo que é imprescindible realizar reserva previa na Biblioteca Rialeada ou no teléfono 981 639 511. A inscrición ábrese, en todos os casos, 10 días antes da realización da actividade.

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

► Febreiro:

- **Día 4:** *Xan, Xaraxán* con Charo Pita, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.
- **Día 18:** *Querida ovella negra* coa compañía Trinke Trinke, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Día 25** *Brumm!* con Ramiro Neira, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.

► Marzo:

- **Día 3:** *Crea fósiles de dinosaurios* con Mau Marela, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Día 10:** *A Visita do Oso* con Soledad Felloza, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.
- **Día 17:** *Contos para pingüiniños e pingüiniñas* con Pablísimo, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Día 31:** *Voa Xoanxiña, Voa* con Charo Pita, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.

► Abril:

- **Día 7:** *Obradoiro de papiroflexia* con Viravolta Títeres, para nenas e nenos maiores de 6 anos.
- **Día 14:** *Ese queixo queixolán* con Pavís Pavós, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.
- **Día 21:** *Libros En-Cantados* con Magín Blanco, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Día 28:** *Gambio e conto: aventuras para medrar* con Raquel Queizás, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.

• BIBLIOTECA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO. Santa Cruz

► Febreiro:

- **Día 17:** *O Entroido dos animais* con Soledad Felloza, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.
- **Día 24:** *Meigallo de contos* con Marisia Irimia, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.

► Marzo:

- **Día 2:** *Contos me río: contos para rir...* con Raquel Queizas, para nenas e nenos 1 a 4 anos.
- **Día 9:** *Contando coa igualdade* con Caxoto, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Día 16** *Chssss!* con Ramiro Neira, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.
- **Día 30:** *Riciños de Ouro* con O Rato Fuco, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.

► Abril:

- **Día 6:** *Xan, Xaraxán* con Charo Pita, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.
- **Día 13:** *Libros En-Cantados* con Magín Blanco, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Día 20:** *Un niño no meu sombreiro* con Charo Pita, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.
- **Día 27:** *Monicreques nas mans* con Larraitz, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.

• BIBLIOTECA MUNICIPAL M^a JOSÉ TRINCADO. Mera

► Febreiro:

- **Día 19:** *O Caracol namorado* con A ratiña Carolina, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.

► Marzo:

- **Día 4:** *Xan, Xaraxán* con Charo Pita, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.
- **Día 18:** *Obradoiro de papiroflexia* con Viravolta Títeres, para nenas e nenos maiores de 6 anos.

► Abril:

- **Día 8:** *Gambio e conto: aventuras para medrar* con Raquel Queizás, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.

• BIBLIOTECA MUNICIPAL M^a JOSÉ RUSO. Dorneda

► Febreiro:

- **Día 22:** *Triquirake/Traquetriki* con Charo Pita, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.

► Marzo:

- **Día 7:** *Obradoiro de ilustración Ñam!* con Teatro Babaluva, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Día 14:** *Contos me río: contos para rir...* con Raquel Queizás, para nenas e nenos de 1 a 4 anos.

► Abril:

- **Día 11:** *Maxia cómica* con Leo Leño, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.



Todas as actividades
terán lugar ás: **18:30 h**



• BIBLIOTECA MUNICIPAL ÁNXL FOLE. Nós

► Febreiro:

- **Día 26:** *Cueiros de cores* con O rato Fuco, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.

► Marzo:

- **Día 11:** *Pan e auga? Sopas!* con Xandobela, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.



► Abril:

- **Día 1:** *Contos de terras de alá que comezan con "i": India, Irlanda* con Paula Carballeira, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.
- **Día 15:** *Obradoiro con marionetas de papel* con Viravolta Teatro, para nenas e nenos maiores de 6 anos.
- **Día 29:** *Contos de primavera* con Lilí Gruyére, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.

• BIBLIOTECA MUNICIPAL MANUEL MARÍA. Oleiros

► Febreiro:

- **Día 23:** *A vida é un entroido moi molón* con Gemola, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.



► Marzo:

- **Día 8:** *Obradoiro de papiroflexia* con Viravolta Títeres, para nenas e nenos maiores de 6 anos.
- **Día 29:** *Normas básicas para presentar atención nunha sesión de contacontos* con Ramiro Neira, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.

► Abril:

- **Día 12:** *O caracol namorado* con A ratiña Carolina, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.



• BIBLIOTECA MUNICIPAL XOGRAR MENDIÑO. Lorbé

► Febreiro:

- **Día 25:** *Maxia cómica* con Leo Leño, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.

► Marzo:

- **Día 10:** *Querida ovella negra* con Lilí Gruyére, para nenas e nenos maiores de 3 a 10 anos.
- **Día 31:** *1,2,3... Ovos de pascua, outra vez* con Gemola, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.

► Abril:

- **Día 14:** *Contos de primavera* con Lilí Gruyére, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.
- **Día 28:** *Contos de terras de alá que comezan con "c": Colombia* con Paula Carballeira, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.



Música e teatro de primeiro nivel ▼

■ **O Concello de Oleiros mantén a súa aposta polos espectáculos teatrais e musicais de calidade. O III Ciclo de Música Voces Cálidas para noites de inverno ofrece catro concertos que abranguen estilos musicais moi diversos: soul, jazz, swing, fado, bolero e pop. Ademais, tamén haberá teatro no Auditorio Gabriel García Márquez de Mera desde o mes de marzo. Os prezos das entradas oscilan entre os 2,50 e os 5 euros, en función dos cachés dos espectáculos.**

Xaneiro

● **Sábado 30 de xaneiro**, ás 20:30 horas
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo
The Lollipops ofrece un concerto que supón unha viaxe ao swing dos anos 50. O trío vocal está formado por Paty Lesta, Marian Ledesma e Paula Romero acompañadas ao piano por Cristian Leggiere. **The Lollipops** invita ao público a lembrar grandes éxitos do swing, jazz, góspel ou dixieland.



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

Febreiro

● **Sábado 13 de febreiro**, ás 20:30 horas
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo
Fado Violado presenta en Oleiros o seu primeiro disco, *A Jangada de Pedra*. Parten da tradición e viaxan pola península Ibérica recreando o fado e engadindo a densidade do flamenco, pero sen afastarse nunca da branca, máxica, viaxeira, pero melancólica Lisboa.



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

● **Sábado 20 de febreiro**, ás 20:30 horas
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo
Dous grandes da música galega, **UXÍA e NARF**, únense para presentar o seu primeiro disco conxunto: *Baladas da Galiza imaxinaria*. Un proxecto que nace do talento e da sensibilidade de dous artistas que en cada balada abren portas e ventás aos corazóns inxuecos e aventureiros.



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

● **Sábado 27 de febreiro**, ás 20:30 horas
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo
O quinteto de músicos galegos de **La Compar-sita** xunto coa espectacular voz de **Aixa Romay** tratan de recuperar a calidade musical e a elegancia dos antigos salóns de baile cun repertorio cheo de boleros e outras cancións clásicas que, pese a ser compostas hai moitos anos, lembramos como se fosen de hoxe en día.



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

Marzo

● **Sábado 5 de marzo**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
Ibuprofeno Teatro, presenta o seu espectáculo **O Furancho**, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso e que conta coa participación das actrices Isabel Risco e Marián Bañobre. Trátase dunha obra de humor na que se crea un espazo de comunión e complicidade no que o público acode a empaparse coa máis pura e sincera expresión da comedia hilarante.




■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

● **Sábado 12 de marzo**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
Sarabela Teatro, presenta o seu espectáculo **Ensaio sobre a cegueira**, de José Saramago, baixo a dirección de Ánxeles Cuña Bóveda. A obra é a ficción dun autor que nos alerta sobre "a responsabilidade de ter ollos cando outros xa o perderon". Vicente Montoto, Fina Calleja, Fernando Dacosta ou Jorge Casas, entre outros, forman o elenco de intérpretes.



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

● **Sábado 19 de marzo**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
A Panadaría, presenta o seu espectáculo **Panamericana**, de Areta Bolado, baixo a dirección da Panadaría. Os espectadores verán unha comedia con sabor a guiso tropical que fala dun sistema perverso e dos soños rotos desde unha óptica optimista e divertida. As actrices Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman interpretan vinte e catro personaxes nunha festa teatral de cor, pluma e música.



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

Abril

● **Sábado 2 de abril**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
Talía Teatro, presenta o seu espectáculo **Foucellas**, que dirixe o seu propio creador Cándido Pazó. Toño Casais, Artur Trillo, María Ordóñez e Dani Trillo recrean os momentos de lucidez e serenidade de Foucellas, que discute cos seus homes sobre o sentido práctico e moral da súa loita, as súas razóns, a convivencia e posibilidades de reconducila ou aceptar a derrota... para levar a cabo unha nova acción.




■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

● **Sábado 9 de abril**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
Produccións Teatrais Excéntricas, presenta o seu espectáculo **Os amores de Jacques o fatalista**, de Denis Diderot, baixo a dirección de Quico Cadaval. Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, María Costas e Piti Sanz forman o elenco dunha obra que procura as diferenzas entre namoramento e sedución, sentimento e instinto, paixón e violencia, engano e enxeño...



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

● **Sábado 16 de abril**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
Teatro do Morcego, presenta o seu espectáculo **Presidente**, escrito e dirixido por José Prieto. En plena campaña electoral, o presidente do goberno e os seus asesores toman a decisión de que o presidente visite persoalmente nas súas casas os seus posibles votantes. A interpretación corre a cargo de Celso Parada, Mercedes Castro, César Goldi, Iolanda Muíños e Federico Pérez.



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

● **Sábado 23 de abril**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera
AIREnoAR, presenta o seu espectáculo **AIREnoAR**, de María Move, Álvaro Reboredo e Rut Balbís, baixo a dirección de Rut Balbís. **AIREnoAR** xurde da procura de novas linguaxes artísticas a partir da difusión das diferentes artes. Céntrase na multidisciplinidade dos artistas utilizando a danza como principal fío común.



■ **As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.**

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Agradecemento

Hai escasos días tiven oportunidade de vivir en primeira persoa unha inundación por consecuencia das fortes precipitacións que sufrimos logo duns meses nos que non sabíamos nin na estación na que estabamos. A cuestión é que o garaxe da miña casa comezou a asolgarse. Chamei á centralita do Concello de Oleiros e rapidamente apareceron os operarios municipais. Sinceramente teño que dicir que chegaron en menos de 20 minutos. Quero felicitar aos profesionais dos Servizos Municipais do Concello de Oleiros polo traballo que fixeron ese día. A resposta foi inmediata e grazas á súa actuación a cousa quedou en moito menos do que me temía nun primeiro momento. Ogallá que todas as administracións públicas funcionaran coa mesma celeridade para resolver os problemas dos cidadáns.

Manuel Rei - Liáns

Coa nosa saúde non se trafica

O ano 2015 foi un dos peores para a Sanidade Pública galega. Nalgún medio, ata escoitei falar de “annus horribilis”. Comezando polo complexo hospitalario Álvaro Cunqueiro, pasando polos universitarios da Coruña e Santiago (CHUAC e CHUS) e rematando nos centros de asistencia primaria das vilas. Comida en mal estado, insuficiencia de camas nos hospitais, horas e horas agardando nas urxencias, listas de espera máis grandes que as do paro... dá medo. Dá medo poñerse enfermo. Dá medo aos que viven nun pobo sen centro de asistencia 24 horas, que se teñen que desprazar moitos quilómetros para ser atendidos por calquera urxencia. Porque somos humanos e o corpo falla. Queren que nos pareza que a sanidade é un privilexio? Ou que enfermamos “por riba das nosas posibilidades”? Non señor, non hai ben máis prezado que a boa saúde, e unha sanidade pública de calidade, universal, é o mellor garante dun estado de benestar completo. En setembro de 2015 comprobamos como a cidadanía de Vigo ateigaba as rúas en defensa da súa Sanidade (200.000 persoas nunha cidade de case 300.000), como as Mareas Brancas iluminaban os centros das cidades de todo o Estado para facerlle ver ao Goberno que a saúde non ten prezo. Síntome orgulloso desta boa xente loitadora, destes verdadeiros heroes. En Oleiros, unha das nosas heroínas é a pediatra Cecilia Vecillas, que durante

máis de 30 anos coidou da saúde dos nenos e nenas deste concello. Sempre cun sorriso, cunha palabra de agarimo, coa seguridade da vocación inquebrantable diante de todo. Grazas a persoas como Cecilia a Sanidade está asegurada; a pesar de todo.

Alfredo Ramos, Perillo

Viva Palestina libre!

O pasado día 29 de novembro foi o Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino, e sinto verdadeira mágoa e dor. Dor por ver que nada cambiou, que os Estados non só seguen mudos ante a barbarie que Israel comete a diario contra o pobo palestino, senón que co seu silencio permiten a violación sistemática de dereitos humanos, converténdose así en cómplices do terrorismo. Nun mundo no que os medios de comunicación determinan a axenda política e social, aprendemos a mirar cara a outro lado ante os problemas que aflixen o mundo, dando as costas a pobos que necesitan a nosa axuda, apoio e solidariedade para rematar coas enormes inxustizas que están a sufrir. O que está sufrindo Palestina é un acto terrorista institucionalizado e permitido por quen di promover e protexer os dereitos humanos no mundo. Un xenocidio en toda regra avalado co silencio das democracias occidentais.

En momentos convulsos nos que o mundo da información xira en torno aos atentados de París e ao Daesh, o meu recordo e compromiso co pobo palestino e a miña condena e repulsa ao Estado xenocida de Israel. Porque isto, tamén é terrorismo.

VIVA PALESTINA LIBRE!

Xabier García

Non máis enganos!

Lembro cando eramos rapaces e a ría era unha fonte de riqueza moi importante para a nosa zona. Igual que agora, eran tempos difíciles e o marisqueo era o medio de vida de moitos homes e mulleres.

Temos un verdadeiro diamante pero, pola deixamento do Goberno central, non podemos explotalo. Coa necesidade de crear emprego que existe neste país é incomprendible que a rexeneración da ría da Pasaxe non se tivese acometido xa. Non se pode agardar máis.

O Goberno de Madrid non deixa de darlle voltas ao tema pero seguimos nas mesmas. Quitaron un proxecto pero o paralizan 9 meses. O que teñen que facer é

contratar as obras e acometer todas as melloras que necesita a ría.

Ademais das oportunidades que se abrían para o marisqueo, a cuestión medioambiental é moi importante. Queremos volver bañarnos na ría así que, por favor, non nos enganen máis.

Manuel Pousada - Perillo

A praga dos xabarís necesita unha actuación urxente

No norte do Concello de Oleiros estamos a padecer, ademais dos plumachos e da avespa asiática, a praga dos xabarís. Estes animais non deixan de causarnos problemas e estragos. A inxerencia do home no medio natural tráenos importantes cambios no noso ecosistema e os animais, como sucede cos porcos bravos, acaban por ser as primeiras vítimas e padecen directamente as consecuencias deste tipo de problemas ao romperlles de xeito artificial o seu xeito de vivir.

A problemática dos xabaríns non é recente. Levamos anos padecendo os males provocados pola presenza masiva deste animal. Malia todo ese tempo transcorrido, a Xunta de Galicia non fixo absolutamente nada para arranxar esta situación. Os xabarís non só fan presenza polas noites, senón que tamén aparecen a plena luz do día en calquera lugar. Parques infantís, sendeiros, zonas urbanas..., son xa lugares nos que a ninguén lle sorprende atopar un porco bravo. As consecuencias son cuantiosos danos e estragos en zonas verdes, espazos públicos e terreos e fincas particulares, ademais do perigo existente para a integridade física das persoas.

Pero resulta que aínda por riba de todo iso, raro é o día no que non se produce un sinistro nalgunha das nosas estradas por culpa dos xabarís. Aos cuantiosos danos materiais que provocan os impactos dos vehículos contra estes bichos hai que engadirlle as lesións físicas que provocan eses mesmos impactos e que calquera día poden causar unha auténtica traxedia.

Estamos fartos de que a administración competente neste ámbito, a Xunta de Galicia, mire cara a outro lado. Non lle importa o máis mínimo todo este asunto. Agardamos pois que o Concello de Oleiros nos escoite e se posicione con contundencia ante este asunto para esixir a inmediata solución dun problema ante o que nos sentimos indefensas e indefensos.

Asociación de Veciños San Cosme de Maianca

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	24 xaneiro / 22 febreiro / 23 marzo
Mingua	1 febreiro / 2 marzo / 31 marzo
Nova	8 febreiro / 9 marzo / 7 abril
Medra	17 xaneiro / 15 febreiro / 15 marzo

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



35.211 habitantes empadroados/as!

Ata o 13 de xaneiro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.371
DORNEDA (San Martiño)	3.434
IÑÁS (San Xurxo)	1.201
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.193
MAIANCA (San Cosme)	1.394
NÓS (San Pedro)	4.736
OLEIROS (Santa María)	2.971
PERILLO (Santa Leocadia)	8.346
SERANTES (San Xulián)	1.565
TOTAL	35.211

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 	<p>Do 8 ao 14 de xaneiro Do 25 ao 31 de marzo</p> <p>Do 15 ao 21 de xaneiro Do 1 ao 7 de abril</p> <p>Do 22 ao 28 de xaneiro Do 8 ao 4 de abril</p> <p>Do 29 de xaneiro ao 4 de febreiro Do 15 ao 21 de abril</p> <p>Do 5 ao 11 de febreiro Do 22 ao 28 de abril</p> <p>Do 12 ao 18 de febreiro Do 29 de abril ao 5 de maio</p> <p>Do 19 ao 25 de febreiro Do 6 ao 12 de maio</p> <p>Do 26 de febreiro ao 3 de marzo Do 13 ao 19 de maio</p> <p>Do 4 ao 10 de marzo Do 20 ao 26 de maio</p> <p>Do 11 ao 17 de marzo Do 27 de maio ao 2 de xuño</p> <p>Do 18 ao 24 de marzo Do 3 ao 9 de xuño</p>
---	--

O dragado da ría da Pasaxe custará 46 millóns de euros ▼

• *O Goberno central volve dilatar os prazos de execución desta obra ao alongar nove meses o período de exposición pública do proxecto*



◆ O proxecto de dragado da ría da Pasaxe contempla a recuperación dos areas para a produción marisqueira e a apertura de canais. No caso de Oleiros, o que vai próximo ás zonas de Beiramar e Agramar, repoñerase coa achega de area nos lindes coas citadas urbanizacións. O proxecto tamén recolle a construción dun paseo que dará continuidade ao actual de Beiramar ata o linde con Cambre. Deste xeito, restablecerase como espazo público a saída do actual Río do Seixo nas inmediacións da urbanización O Paraíso.

De xeito inxustificable, o Goberno central acaba de alongar os prazos de exposición pública do proxecto nove meses, o que amosa unha falta de vontade por acometer o tan necesario e demandado dragado da ría da Pasaxe. Por norma xeral, o

período de exposición pública dos proxectos é dun mes e nos casos nos que a envergadura da obra o require pode chegar ampliarse outros 30 días, pero non máis.

O Concello de Oleiros seguirá esixindo a realización inmediata desta actuación e, entre outras iniciativas, promoverá a ampliación da actual mesa de negociación ás forzas vivas da comarca para convocar unha grande mobilización e que o Goberno actúe dunha vez por todas. Ademais de en Oleiros, a obra tamén será desenvolvida nos concellos de Cambre e Culleredo.

O investimento total previsto é de 46 millóns de euros e o proxecto está exposto a todos os veciños e veciñas na Casa do Concello e na páxina web municipal www.oleiros.org.